

Beatriz Pelaz García

Licenciada en química pola Universidade de Valladolid no 2005 e licenciada en bioquímica pola Universidade de Zaragoza no 2011, Beatriz Pelaz García obtivo o seu Doutoramento en química no 2012 pola mesma universidade. Do 2012 ao 2016, formou parte do grupo de investigación do profesor Wolfgang J. Parak, na Universidade Philipps de Marburgo (Alemaña), inicialmente como investigadora no postdoutorado e, posteriormente, de investigadora Humboldt.

No 2017, adscríbese á Universidade de Santiago de Compostela (USC), para coliderar o grupo de investigación [BionanoTools](#) no Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), primeiro de investigadora principal dun proxecto para novas investigadores e, dende o 2019, de investigadora Ramón y Cajal. A súa investigación céntrase no desenvolvemento de materiais intelixentes controlables remotamente e no estudo da súa interacción con entidades biolóxicas.

No 2020, recibiu unha **ERC Starting Grant** dotada cun orzamento de 1,5 M€. O proxecto financiado, chamado [SPACING](#), ten un dobre obxectivo: o desenvolvemento de nanoimpresoras construídas con estruturas de **ADN**, que sexan capaces de imprimir patróns de moléculas sobre a superficie de nanopartículas, para así poder imprimir diferentes distribucións de moléculas. Deste xeito, entenderíase mellor a maneira na que estes patróns de moléculas impresas son capaces de determinar a interacción entre nanopartículas e células. Isto axudaría a entender mellor moitos procesos e a sentar as bases para o desenvolvemento de nanomenciñas máis eficientes.